

**NOTA DE PRENSA 028/23
21 DE MAIO DE 2023**

JAVIER RAMILO LOGRA O TRIUNFO NO RALLYMIX DA SIDRA DA ESTRADA

Javier Ramilo “Kobas” foi o vencedor do Rallymix da Sidra da Estrada, segunda proba puntuable para o Campionato Galego da especialidade celebrado no entorno da praia fluvial da localidade pontevedresa.

Ramilo, aos mandos dun Yacarcross, competiu durante toda a fin de semana contra o vencedor da primeira proba, Alfonso “Pisko” Ventin, que rematou a primeira xornada como líder, pero caeu postos na clasificación o domingo tras sufrir un pinchazo na primeira manga e perder case un minuto na quinta e definitiva pasada polo treito, finalizando na posición 14 da xeral.

Desta forma, o segundo posto da clasificación xeral da proba foi para Manuel Osorio e Alberto dos Reis, que aos mandos do Skoda Fabia R5 tamén se impuxeron na clase B. Osorio e dos Reis marcaron o mellor tempo nas tres últimas mangas aproveitando as bondades do Skoda no trazado xa deteriorado polo paso dos case 100 equipos en cada unha das pasadas.

O terceiro escalón do podio foi para outro dos destacados deste inicio de certame, Sergio Fernández. Sobre un Speedcar, Fernández quedouse a catro segundos do segundo lugar a 16 do triunfo, confirmando a súa boa progresión.

Completaron os cinco primeiros postos da clasificación, Abel Jurado e Antonio Vilorio, a 20 e 43 segundos da cabeza, respectivamente e ambos sobre sendos Yacarcross.

Na Clase B, e detrás de Osorio e dos Reis situáronse Jorge Fernández Gay e Freddy Carballo (Skoda Fabia R5) e Tinín Iglesias e Bárbara Oubel, no Ford Fiesta N5.

Dentro da Copa K6 Pirelli, o equipo máis rápido foi o formado por Omar López e Álvaro Cerqueiras (Suzuki Swift), seguidos de Jesús e Manuel Sánchez no Citroën C2 R2 Max e Luis Caridad e Francisco García, no Citroën Saxo.

A próxima proba puntuable para o Campionato Galego de Rallymix será os días 24 e 25 de xuño en Piñor, Ourense.

Clasificación xera final Rallymix da Sidra da Estrada:

- 1.- Javier Ramilo // 34:46.467
- 2.- Manuel Osorio – Alberto dos Reis +11.779
- 3.- Sergio Fernández +16.335
- 4.- Abel Jurado +20.264
- 5.- Antonio Vilorio +43.190